

CINE POLACO CONTEMPORÁNEO

CINE DO DESASOSEO. PORTUGAL HOXE

CINEUROPA: DAN SALLITT

DESENCADRES: ÚLTIMAS FRONTEIRAS

FÓRA DE SERIE

OFF GALICIA

CGAI JÚNIOR

CINE DO DESASOSEO. PORTUGAL HOXE:

En colaboración co Festival de Cine Europeo de Sevilla, Agência da Curta Metragem e CulturArts-Filmoteca de Valencia.



Houbo un tempo, a comezos dos oitenta do século pasado, en que se dicía que Portugal era o país europeo con mellores cineastas por metro cadrado. A afirmación non respondía a ningunha estatística, tan só a unha mera apreciación e, como tal, esa apreciación sería perfectamente reivindicable hoxe en día. Como mostra este ciclo impulsado polo Festival de Cine Europeo de Sevilla en que se non están todos os que son, si se pode dicir que son todos os que están, pois ciclos recentes como "Cinema portugués. Hipóteses para un futuro" ou o dedicado a João Canijo xa presentaron outros moitos nomes. Algúns deles son vellos coñecidos do CGAI, cineastas aos que se lles prestou unha atención preferente nos últimos anos: Manoel de Oliveira, Pedro Costa, Miguel Gomes, João Pedro Rodrigues, Gonçalo Tocha, aínda que outros moitos (Joaquim Pinto, João Vladimiro, Salomé Lamas) non é a primeira vez que se asoman á nosa pantalla. Mais esta é tamén a mellor ocasión para darmos a coñecer a cineastas como Rita Azevedo Gomes, Margarida Gil, Tiago Pereira, Miguel Fonseca, João Rui Guerra da Mata, Sandro Aguilar ou João Nicolau. Destes dous últimos presentaranse, por exemplo, senllas sesións de curtametraxes, unha das especialidades do máis recente cinema portugués, tanto por vocación -é o caso dos citados- como por necesidade, en tanto que resposta aos problemas económicos que viviu a cinematografía lusa nos dous últimos anos. O máis sorprendente é comprobarmos como esta crise tan profunda non afectou no máis mínimo á creatividade destes cineastas. Mesmo se podería dicir que constituíu todo un acicate. A crise económica é, sen ir máis lonxe, o tema dalgunhas das mellores películas portuguesas (e mundiais) da última tempada, dende *Redemption*, a curtametraxe de Miguel Gomes (aínda está recente o pase de *Tabú* no CGAI), ata ese ensaio con forma de diario que conforma *E agora? Lembra-me*, de Joaquim Pinto, pasando por *O Gebo e a sombra*, de Manoel de Oliveira. O gran patriarca do cine portugués (e, outra vez, mundial), Oliveira, está presente por partida dobre, co seu episodio do filme colectivo *Centro histórico* (en que tamén participa Pedro Costa xunto a Aki Kaurismäki e Víctor Erice, dous ocasionais portugueses de adopción) e co seu segmento para a película promovida por Guimarães 2012, unha iniciativa coincidente con *O fantasma do Novais, Torres e cometas* ou certas curtas de Pereira, Rodrigues ou Nicolau. Foron iniciativas como Guimarães 2012 ou Estaleiro (vinculada ao Festival de Vila do Conde) as que, ao apostaren polos formatos curtos, fixeron máis levadeira a travesía do deserto en que poderían terse convertido estes anos de 2012 e 2013 de non mediar a extraordinaria capacidade dos cineastas portugueses para se adaptaren ás circunstancias máis adversas. É xusto que este sexa un dos eixes deste ciclo.

Agradecementos: Crim Productions, Rodrigo Areias, O Som e a Furia, Terratrema, Fims Boutique, Pyramide de Films, Splendor, Casa de Películas, Martin Pawley.



CINEUROPA: DAN SALLITT

En colaboración con: Cineuropa.

Unha ocasión única: descubriremos dunha vez a obra completa dun dos segredos mellor gardados do cine independente norteamericano, Dan Sallitt (1955). Antigo crítico de cine en Los Angeles Reader, Sallitt dirixiu ata o momento tres longametraxes "profesionais": *Honeymoon* (1998), *All The Ships at Sea* (2004) e *The Unspeakable Act* (2012), todas elas moi influídas polo cine europeo, desde Ingmar Bergman a Eric Rohmer, a quen está dedicada a súa, polo momento, última longametraxe. Nunha recente recensión para o Village Voice con motivo da presentación das súas películas no Anthology Film Archives de Nova York, o crítico Scott Foundas cualificaba a Sallitt como "o mestre modesto" e esas dúas palabras, maestría e modestia, son sen lugar a dúbidas as que mellor definen o seu cine: por exemplo, en *The Unspeakable Act* é capaz de tratar un tema tan delicado como altamente perigoso, o incesto, sen asomo ningún de escabrosidade, sen ánimo ningún de escándalo, ao contrario, con tanta sensibilidade como atención ás emocións dunha das mellores personaxes que nos ofreceu recentemente o cine americano (reparen na súa protagonista, Tallie Medel).

Agradecementos: Dan Sallitt.

DESENCADRES: ÚLTIMAS FRONTEIRAS

En colaboración con: Zeitun Films.

Fóra de toda delimitación, arredados do recadro evidente, os *Desencadres* da nova programación do CGAI aproveitan a estrea de dúas importantes e premiadas películas galegas: *O quinto evanxeo de Gaspar Hauser* de Alberto Gracia e *Costa da Morte* de Lois Patiño. A sección da programación presenta un pequeno ciclo no que tanto o filme de Gracia, unha viaxe chea de sentido surreal da existencia e altas doses de humor en forma de, en verbas do seu autor, "traxicomedia do século XXI", un título premiado en Rotterdam que recolle as pegadas do mito, e o de Lois Patiño, premio en Locarno, un poético percorrido por espazos de enorme beleza onde prima a moi particular relación entre imaxe e texto e máis a elaborada organización dos dispositivos formais, fanse acompañar doutras tres películas que, dalgún xeito, presentan espazos xeográficos e personaxes afastados diso que se deu en chamar a civilización moderna: o ermitán que habita nas Highlands escocesas de *Two Years At Sea*, de Ben Russell, ou o músico Robert AA Lowe que conforma o eixe dos tres episodios de *A Spell To Ward Off The Darkness*, a longametraxe froito da colaboración entre o propio Rivers e Ben Russell, o dúo ao que o CGAI e S8 Mostra de Cinema Periférico lle dedicaron un ciclo en xuño deste mesmo ano, película que agora se presenta como *première* en España. Os escenarios dos filmes de Rivers e Russell, tamén os dos de Gracia e Patiño, ben puideran ser os mesmos ata os que o artista canadense Michael Snow levou a súa cámara en 1971 para filmar, desde un dispositivo robotizado, a súa mítica *La Région Centrale*, que o catálogo do último Festival de Rotterdam definía como "a película experimental máis espectacular realizada en calquera lugar do mundo".

Agradecementos: Lux, Rouge International.



CINE POLACO CONTEMPORÁNEO

En colaboración co Instituto Polaco de Cultura.

Logo dunha etapa triunfal, fundamentalmente entre os anos 60 e 80, presidido por unha importante tradición e nomes tan significativos como Agnieszka Holland, Krzysztof Kieślowski, Roman Polański, Jerzy Skolimowski ou Andrzej Wajda, o cine polaco entra nunha sorte de longa travesía polo deserto que lle crea dificultades de achegamento ao público durante décadas. No ano 2005 a creación do Instituto Cinematográfico Polaco permite relanzar a produción nacional, de dez a máis de cincuenta títulos anuais, co que se capta de novo o interese do público e se pasa de menos de medio millón de espectadores nese ano 2005 a case dez millóns en 2010. A cada isto, por moitos festivais internacionais transitan filmes de novos directores como Wojciech Smarzowski, Tadeusz Król, Jan Kidawa Błotnicki, Robert Gliński ou Borys Lankosz.

Agradecementos: Iwona Zielinska.

FÓRA DE SERIE:

Proxectamos a segunda película de Jonás Trueba, *Los ilusos*, versión da novela póstuma de Rafael Azcona, con presentación do propio autor. Segue a empregar o escalpelo implacable o austríaco Ulrich Seidl, esta vez coa triloxía *Paraíso*. Do irlandés Duncan Campbell amosamos dous dos seus documentais de intervención. Recuperamos as curtametraxes pendentes dos Premis Gaudí e *A World not Ours*, o filme tan íntimo e poético coma político de Mahdi Fleifel, que nos achega ao campo de refuxiados palestino do sur do Líbano, clave na súa vida.

Agradecementos: Jonás Trueba, Fran Gayo, Centro Niemeyer, Academia Galega do Audiovisual.

OFF GALICIA:

Continuamos co percorrido polas novidades presentes no cine galego contemporáneo. A aproximación ao mundo do teatro é a esencia de *Onde as rúas non teñen nome* de Alba Vázquez. *Up Against the Wall Motherfuckers!*, un valioso traballo de metraje histórica, ten un dos seus artífices, o montador Marcos Florez, establecido entre nós. A *Raia* descobre a figura dun singular camarógrafo e cineasta, Iván Castiñeiras. Seguen os documentais musicais da serie "Tolemias", nesta ocasión con outro traballo de Segundo Grandío, *Alma e industria*, produción de Casa de Tolos e da canle de televisión R. Alberte Pagan filma en *A realidade* a Colombia da guerra civil a modo de noticiario independente e o espectador topa con múltiples sorpresas, sempre fronte a verdades oficiais. Por último, Simone Saibene, residente en Ourense, crítico, programador e director, mostra a súa primeira longametraxe galega, *9 Olas*, outro relato de movemento e desasosego.

Agradecementos: Alba Vázquez, Fernando Dacosta, Claudio Pato, Marcos Florez, Samuel M. Delgado, Iván Castiñeiras, Segundo Grandío, Luis Martínez, Alberte Pagan, Simone Saibene.



MARTES

novembro
05 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
Paraíso: Amor
Ulrich Seidl, 2012. 122'. DCP.
Subt. castelán.

novembro
12 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
Paraíso: Fe
Ulrich Seidl, 2012. 116'. DCP.
Subt. castelán.

novembro
19 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
Paraíso: Esperanza
Ulrich Seidl, 2013. 91'. DCP.
Subt. castelán.

novembro
26 18.00 horas
Portugal
Curtametraxes
Sandro Aguilar
89'. Cine/DCP. Subt. castelán.

20.30 horas
Portugal
Terra de ningúem
Salomé Lamas, 2012. 72'. DCP. Subt. castelán.

decembro
03 18.00 e 20.30 h
Dan Sallitt
The Unspeakable Act
(2012) 91'. Vídeo HD. Subt. castelán.

decembro
10 18.00 e 20.30 h
Portugal
Redemption
(Miguel Gomes, 2013)
O Gebo e a Sombra
(Manoel de Oliveira, 2012).
121'. DCP. Subt. galego.

decembro
17 20.30 horas
Desencadres
O quinto Evanxeo
de Gaspar Hauser
Alberto Gracia, 2013.
61'. DCP. Presentación do director. Entrada de balde.

MÉRCORES

novembro
06 18.00 horas
Cine polaco
Rosa
Wojciech Smarzowski, 2011.
90'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Cine polaco
Indeible
Jacek Borcuch, 2013. 95'.
Vídeo. Subt. castelán.

novembro
13 18.00 horas
Cine polaco
Rosita
Jan Kidawa-Blonski, 2010.
118'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Cine polaco
Ostatnie Pietro
Tadeusz Król, 2013. 84'.
Vídeo. Subt. castelán.

novembro
20 18.00 horas
Fóra de serie:
Premis Gaudí
Curtametraxes
45'. Vídeo. Entrada de balde.

20.30 horas
Fóra de serie: **Duncan Campbell**
Bernadette (2008)
Make it New John (2011)
88'. Subt. castelán.

novembro
27 18.00 horas
Portugal
Curtametraxes
Sandro Aguilar
89'. Cine/DCP. Subt. castelán.

20.30 horas
Portugal
A zona
Sandro Aguilar, 2008. 99'.
Subt. castelán.

decembro
04 20.00 horas
Portugal
E agora? Lembra-me
Joaquim Pinto, 164'. DCP.
Subt. castelán.

decembro
11 18.00 horas
Dan Sallitt
Honeymoon
(1998) 90'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Dan Sallitt
All the Ships at Sea
(2004) 64'. Vídeo. Subt. castelán.

decembro
18 18.00 horas
Desencadres
O quinto evanxeo
de Gaspar Hauser
Alberto Gracia, 2013. 61'.
DCP.

20.30 horas
Desencadres
A Spell to Ward off the
Darkness
Ben Rivers e Ben Russell,
2013. 98'. DCP. Subt. galego.

XOVES

novembro
07 18.00 horas
Cine polaco
Mall Girls
Katarzyna Roslaniec, 2009.
77'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Fóra de serie
Stemple Pass
James Benning, 2012. 122'.
Vídeo HD. Subt. castelán.
Entrada de balde.

novembro
14 18.00 horas
Cine polaco
Marcas
Magdalena Piekorz, 2004.
91'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Cine polaco
Somnolencia
Magdalena Piekorz, 2008.
105'. Vídeo. Subt. castelán.

novembro
21 18.00 e 20.30 h
Portugal
Centro histórico
Pedro Costa, Manoel de
Oliveira, Víctor Erice e Aki
Kaurismaki, 2012. 96'. DCP.
Subt. castelán.

novembro
28 18.00 horas
Portugal
O fantasma do
Novais
Margarida Gil, 2012. 93'.
DCP.

20.30 horas
Portugal
Vamos a tocar todos juntos...
(Tiago Pereira, 2012)
Torres e cometas
(Gonçalo Tocha, 2013) 85'. DCP.

decembro
05 18.00 e 20.30 h
Fóra de serie
A World not Ours
Mahdi Fleifel, 2012. 93'.
Vídeo. Subt. castelán.

decembro
12 18.00 horas
Portugal
O que arde cura
(João Rui Guerra da Mata, 2012)
A última vez que vi Macau
João Pedro Rodrigues e João
Rui Guerra da Mata, 2012.
109'. DCP. Subt. galego.

decembro
19 18.00 horas
Desencadres
Two Years at Sea
Ben Rivers, 2011. 88'. DCP.

20.30 horas
Desencadres
Costa da Morte
Lois Patiño, 2013. 83'. DCP.
Presentación do director.
Entrada de balde.

VENRES

novembro
08 21.00 horas
Cine polaco
Madre Teresa
de los Gatos
Pawel Sala, 2010. 95'. Vídeo.
Subt. castelán.

novembro
15 18.00 horas
Cine polaco
Amor
Slawomir Fabicki, 2012.
105'. Vídeo. Subt. castelán.

20.30 horas
Fóra de serie
Los ilusos
Jonás Trueba, 2013. 93'. DCP.
Presentación ao coidado do
seu autor. Entrada de balde.

novembro
22 18.00 horas
Portugal
As ondas
(Miguel Fonseca, 2013)
Lacrau
(João Vladimiro, 2013). 121'.
DCP.

20.30 horas
Portugal
Curtametraxes João Nicolau
129'. Cine/DCP.

novembro
29 18.00 e 20.30 h
Portugal
A vingança
de uma mulher
Rita Azevedo Gomes, 2011.
100'. DCP. Subt. galego.

decembro
13 18.00 e 20.30 h
Portugal
Curtametraxes
João Pedro Rodrigues
105'. DCP.

decembro
20 18.00 horas
Desencadres
Costa da Morte
Lois Patiño, 2013. 83'. DCP.

20.00 horas
Desencadres
La Région Centrale
Michael Snow, 2011. 190'.

SÁBADO

novembro
02 18.00 horas
Off Galicia
Onde as rúas
non teñen nome
Alba Vázquez, 2012. 108'. Ví-
deo. Presentación. Entrada
de balde

novembro
09 18.30 horas
Off Galicia / Fóra
de serie
Up Against the Wall Mother-
fuckers!
Marcos Florez, Samuel M.
Delgado e José Luis Maire,
2013.
35'. Vídeo. Presentación.
Entrada de balde.

novembro
16 18.00 horas
Off Galicia
A Raia
Iván Castiñeiras, 2012.
30'. DCP. Presentación.
Entrada de balde.

novembro
23 18.00 horas
CGAI Júnior
As andanzas da
pequena toupa
Zdeněk Miler, 1968-1975.
48'. Vídeo.
Entrada de balde.

novembro
30 18.00 horas
Off Galicia
Alma e Industria
Segundo Grandío, 2013. 63'.
Vídeo. Presentación polo seu autor.
Entrada de balde

decembro
07 18.00 horas
Off Galicia
A realidade
Alberte Pagán, 2012. 53'.
Vídeo. Presentación. Entrada
de balde.

decembro
14 18.00 horas
Off Galicia
9 Olas
Simone Saibene, 2013. 96'.
Vídeo. Presentación. Entrada
de balde.


decembro
21 18.00 horas
CGAI Júnior
El Cascanueces
Andréi Konchalovsky, 2010.
110'. Entrada de balde.



CGAI  CENTRO GALEGO
DE ARTES DA IMAXE
FILMOTECA
DE GALICIA

Programación | 224 |
novembro
decembro | 2013 |

Información xeral
Todos os filmes se proxectan
en versión orixinal, agás
indicación contraria.
A duración das películas é
orientativa e aproximada.
Esta programación pódese
ver alterada por razóns
alleas á nosa vontade.
Unha vez iniciada a sesión
non se permitirá a entrada á
sala de proxeccións.
As sesións de Capacidade
Limitada teñen reservadas
un número indeterminado de

butacas. As sesións sinaladas
con  sofren modificacións
sobre os horarios habituais.

Prezo da entrada
• Xeral: 1'20 €
• Carné Xove: 0'60 €
• Aboamento para 10
sesións: 9 €
• As sesións de Entrada
Gratuita notificaranse no
programa.

A venda de entradas
iniciarase 15 minutos antes
de comezar a sesión (non
se venden entradas por
anticipado).
Só se venderán un máximo
de dúas entradas por persoa.

Sala de proxeccións
CGAI. Durán Loriga, 10
baixo. 15003 A Coruña

Tel.: 881 881 270
Fax: 881 881 271
E-mail:
programacion@cgai.org
documentacion@cgai.org

Subtitulado en galego
Subtitula'm S.L.

Información adicional
www.cgai.org

